

O nacemento do día do Orgullo Gai A revolta de STONEWALL



1968 é un momento político crucial no que irrompe no escenario político unha nova xeración que non coñeceu os horrores da II Guerra Mundial. Os aires de rebeldía desta xeración estenderanse por todo o mundo e conmoverán á sociedade: a guerra do Vietnam, o maio do 68 dos estudantes franceses, a invasión de Checoslovaquia, a guerrilla do Che en América Latina, etc., son elementos que permiten a aparición de novas formas de pensamento. Un feito fundamental será a aparición do feminismo que pon en cuestión o papel privilexiado reservado aos homes nunha sociedade feita á súa medida, que as mulleres cualifican de machista e patriarcal.

Neste contexto, a aparición dun movemento reivindicativo gai era algo perfectamente previsible, e estaba chamado a afondar na crítica que as feministas facían ao machismo. A súa aparición foi en 1969.

Os feitos ocorreron un 28 de xuño de 1969 en Nova York, cando a policía, seguindo unha tradición de control e hostigamento contra os gais, -pese a estar oficialmente prohibidas as redadas-, entrou *no Pub Stonewall*, co pretexto dunha falta de permiso dos donos para vender alcohol. Naquela época a xente non desenvolvera aínda unha conciencia de oposición e resistencia a estes abusos. Porén, aquel día, a xente rebelouse. O resultado foron varios detidos que acabaron na comisaría mentres outra xente protestaba no exterior do local. Ao día seguinte producíronse disturbios en toda a zona gai da cidade en protesta por estes acontecementos. Durante os catro días seguintes, as barricadas foron continuas e en semanas sucesivas as accións continuaron, dificultando notablemente á policía o control da zona. A necesidade de organizar e preparar estas protestas levou á creación do *Gay Liberation Front* (GLF).

Do mesmo xeito que os negros norteamericanos se radicalizaron e deixaron de loitar pacificamente contra a discriminación, aparecendo grupos máis radicais como *Os Panteras Negras*, os gais pasarán tamén á ofensiva. De súpeto ser gai deixou de ser un motivo de vergoña interior para pasar a ser un elemento de orgullo. Reivindícase abertamente a homosexualidade. A consigna é "saír", darse a coñecer publicamente como gai. Comeza o período do "orgullo gai" ou "*gai power*". En realidade estíbese copiando a fórmula do "*black power*" que o movemento negro polos dereitos civís desenvolvía naquel momento polos Estados Unidos.

Ao igual que as feministas, tamén os gais cualificarán de machista a estrutura social, baseada na imposición dos valores masculinos sobre as mulleres, valores que as minusvaloran e reducen á pasividade, e que tamén afecta aos gais, a quen o machismo despreza por aparecer como un grupo traidor nas súas filas. Ademais criticase a existencia de ríxidas categorías sexuais como heterosexualidade e homosexualidade, posto que así se eliminan os estadios intermedios, e de paso imponse a heterosexualidade como normal fronte á homosexualidade, que aparece como anormal e desviada.

En calquera caso, non se debe esquecer que o punto de partida é de grande debilidade, tanto social como organizativa. En 1969 só o estado de Illinois despenalizara as prácticas homosexuais.

Stonewall: 25 anos do movemento de gais e lesbianas, 1969-1994
Folleto editado por XEGA, 1994

Actividades sobre o texto

1. En que situación se encontraban os homosexuais norteamericanos antes de 1969?
2. Que ocorreu o 28 de xuño de 1969 en Nova Iorque para que os gais saísen á rúa a protestar?
3. En que contexto internacional apareceu o movemento de reivindicación gai?
4. Que significado tiña nas súas orixes a expresión "*gay power*"?
5. Que é o machismo?
6. Por que coinciden nas súas análises e propostas, en torno a 1969, os gais e máis as feministas?
7. Que significa "saír do armario"? Pensas que pode poñerse en relación coa aparición do "orgullo gai"?

Actividades de indagación

1. O "*Gay Power*" foi unha tendencia musical de principios dos anos setenta.
 - a. Averigua o nome dos cantantes máis famosos que a representaron.
 - b. Localiza datos sobre a súa discografía.
 - c. Describe que estética usaban.
2. Fai unha relación dos acontecementos máis importantes ocorridos no mundo no ano 1968 e 69.
3. A partir de Stonewall comézanse a empregar unha serie de termos novos, descoñecidos ata entón. Averigua que significado teñen os seguintes:
 - a. Gai (por oposición a homosexual)
 - b. Homosexual (por oposición a gai)
 - c. *Coming out/outing*
 - d. Saír do armario
 - e. *Gai power*
 - f. *Glam*
4. Averigua se antes da fundación do *Gay Liberation Front (GLF)* existían nos EEUU algunhas organizacións de gais e de lesbianas. En caso afirmativo indica cales eran as súas actividades e en que se diferenciaban do GLF.
5. Indaga cando apareceu o Movemento Gai no Estado Español.
 - a. Indica cales foron as primeiras organizacións gais.
 - b. Cales eran as súas reivindicacións iniciais?
6. Averigua cando xurdiu o movemento gai-lésbico na Galiza.
 - a. Cales foron as primeiras organizacións?
 - b. Cales son as súas reivindicacións na actualidade?

Debate-Coloquio

Tema: "Os movementos sociais"

Pódense abordar os seguintes aspectos:

- Diferencia entre movemento social / partido político / sindicato.
- Principais movementos sociais na actualidade.
- Necesidade de que existan movementos sociais.
- Estudo dun movemento social concreto: feminista, ecoloxista, pacifista, gai-lésbico, etc.

Actividades complementarias

Visionado da película "Stonewall"

BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA: Guía didáctica "El respeto a la diferencia por orientación sexual", XEGA, Oviedo